

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O xogo da zapatilla

Antigamente nos velorios nas casas facíanse xogos como este.

Fan roda varios mozos e mozas que sentan coas cachas no chan e as pernas dobradas, deixando arco por debaixo. No medio da roda ponse un dos mozos ‘castigado’.

Os demais van pasando a zapatilla por debaixo das pernas, de maneira que o que está no medio non saiba onde está e non poida collela.

Pero ás veces o do medio, pillabán, disimulaba como que non sabía por onde andaba a zapatilla ata que cadraba entre as pernas dunha muller. Entón, si, botábase a ela, á zapatilla, e aproveitaba para ver o que tiña a moza entre as pernas.

BIBLIOGRAFÍA

GONDAR PORTASANY, M. (1983): «Xogando coa morte: unha ollada antropolóxica aos xogos e falctruadas de velatorio na Galicia tradicional», en Grila, nº 79, páx. 53-64.